

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Mición.
- B) Escravo.
- C) Obxectivo.
- D) Substitución.

2. Sinale a palabra INCORRECTA para referirse a un dos días da semana:

- A) Xoves.
- B) Vernes.
- C) Mércores.
- D) Luns.

3. Cando falamos dun ANDAZO estamos a referirnos a:

- A) Un golpe dado na cara coa man aberta.
- B) A proliferación de algo non desexado.
- C) Unha perda do sentido ou do coñecemento.
- D) O feito de percorrer camiñando unha distancia máis ou menos longa.

4. Indique a frase INCORRECTA:

- A) Eu non atopo moitas diferenzas.
- B) É moito mellor que respectes as normas.
- C) A oradora salientou a vertente asistencial do seu proxecto.
- D) Temos que promover a donación de órganos.

5. Sinale a palabra ou grupo de palabras INCORRECTO:

- A) Vena cava superior.
- B) Neuralxia.
- C) Óso nasal.
- D) Nutriente.

6. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Primaveira.
- B) Verán.
- C) Outono.
- D) Inverno.

7. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Fouce.
- B) Cóbado.
- C) Xeonllo.
- D) Meixela.

8. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Caluga.
- B) Tempada.
- C) Coxa.
- D) Embigo.

9. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Beizo.
- B) Abdome.
- C) Pulso.
- D) Tralla.

10. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Prescrición.
- B) Licenza.
- C) Rector.
- D) Condución.

Preguntas de reserva

1. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Mazá.
- B) Cirola.
- C) Naranxa.
- D) Limón.

2. Indique a palabra de xénero feminino:

- A) Dor.
- B) Leite.
- C) Cuspe.
- D) Nariz.